



Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

BASES ACTIVIDADES SOCIOCOMUNITARIAS

1.- OBXECTO

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección das persoas participantes nas actividades sociocomunitarias en MONDARIZ BALNEARIO 2024.

2.- PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar persoas maiores de 16 anos, preferentemente empadroadas no concello de Mondariz Balneario. Estes requisitos e demais condicións para o acceso ao proxecto, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

Establécese un número mínimo de persoas participantes para levar a cabo as actividades abaixo detalladas, as participantes seleccionadas por orde de inscrición coa priorización dos criterios que se sinalan no apartado 7.3 Criterios de selección.

3.- TEMPORALIZACIÓN

Baile - A actividade realizarase en horario de 20,00 a 21,00 horas, os luns, durante o mes de Febreiro, Marzo, Abril, Maio e Xuño 2024 . Lugar: Concello de Mondariz Balneario, 3ª Planta.

Costura - A actividade realizarase os venres en dous turnos en horario de 16:30-18:30 e 18:30 - 20:30, os grupos serán máx 8 persoas e a elección dos horarios será por orde de inscrición. Lugar: Concello de Mondariz Balneario, 3ª Planta.

Marcha Nórdica - A actividade realizarase os mércores ás 17.00 horas. Lugar: Fonte de Gándara

4.-PREZO

O prezo será segundo *ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES aprobada no Pleno da Corporación en sesión ordinaria de 28 de decembro de 2023*, aplicándose as bonificacións referidas no artigo 3 de dita ordenanza. **

- *Baile: 20 €/mes*
- *Costura: 20€/mes*
- *Marcha Nórdica: 25€/mes*

****Artigo 3.- Bonificacións**

1.- As persoas usuarios que estén empadronados en Mondariz Balneario no momento da inscrición gozarán dun dto de 5€ mes.

5.- ACTIVIDADES

Baile: A actividade consistirá en baile de diferentes ritmos latinos con sesións en parella e outras en solitario.

Costura: A actividade será a aprendizaxe a todos os niveis das técnicas da costura.

Marcha Nórdica: A actividade consiste en aprender a técnica adecuada para súa realización e a práctica deportiva desta modalidade tan boa para a saúde.

6.- METODOLOXÍA E AVALIACIÓN

A metodoloxía empregada será unha metodoloxía activa, participativa, comunicativa e lúdica impartida por medio de sesións que fomenten valores positivos e adecuadas as idades das persoas participantes. A finalidade deste proxecto é promover a creación dun grupo e a integración de todas as persoas participantes no mesmo, realizando actividades que ao mesmo tempo que facilitan e favorezan a conexión do grupo e o traballo individual de cada persoa, ademais serve de vínculo para coñecer xente nova así como crear comunidade a nivel concello.



Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

7.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

7.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA

Para o proceso de selección dos participantes procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios se se considera oportuno.

7.2.- INSCRICIÓN

7.2.1.-Documentación.

As persoas interesadas deberán presentar no concello a folla de inscrición cuberta xunto coa seguinte documentación:

- Folla de inscrición.
- DNI do solicitante
- Certificado Bancario para realizar o pago.

As persoas que desexen máis información sobre a actividade e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto no teléfono: 986656136.

- **PRAZO DE SOLICITUDE E RESERVA DE PRAZA: 12/01/2024 a 24/01/2024**
- **LISTA DE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS: 26/01/2024**
- **PAGAMENTO: O concello domiciliará o recibo na conta entregada polo usuario entre o 1 e o 5 de cada mes.**

O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación.

7.- ASISTENCIA

A asistencia é responsabilidade de cada un, a cota será abonada se asista ou non se asista a varias sesións.

No caso que se de algunha baixa será antes de comezo do mes seguinte para tramitar a cancelación do pago correspondente.

8.- RECURSOS

9.1.- RECURSOS HUMANOS:

1 Monitora/o

9.2.- RECURSOS MATERIAIS

Baile: Roupa cómoda e unha botella de auga.

Costura: agullas, alfileres, fio, algunha tela e MÁQUINA

Marcha Nórdica: Roupa cómoda para a realización da actividade, os bastóns serán proporcionados polo monitor.

En Mondariz Balneario, na data que figura á marxe

O alcalde. Cesar Gil Bernárdez



Concello da Moi Hospitalaria Vila de Mondariz Balneario

INSCRIPCIÓN ACTIVIDADES SOCIOCOMUNITARIAS 2024

| | |
|---|-----------|
| SOLICITANTE: | |
| ACTIVIDADE: | |
| Nome: | Apelidos: |
| DNI: | Telf: |
| Enderezo: | |
| No caso de Baile elixir franxa horaria: | |

| | | |
|---|----|-----|
| AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON AO CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO: Para a difusión e memoria de actividades | SI | NON |
|---|----|-----|

| |
|---|
| Documentación: |
| -Copia do DNI da persoa solicitante -Certificado Bancario do solicitante |

Data:

Sinatura

De acordo co establecido na L.O.P.D., informámoslle que os datos recollidos no presente formulario serán comunicados a entidade contratada para o correcto cumprimento da prestación de servizo e que a información será destruída unha vez rematada a prestación do servizo.

